



# **TESE POLITICA**

## **COMPROMISO POR GALICIA**

### **II CONGRESO NACIONAL**

**XANEIRO DE 2017**



## 1, LIMIAR

O noso partido político naceu cunha clara orientación de ser bascular no sistema de partidos galegos e de ocupar a centralidade social e política e ten unha clara e lexítima aspiración a ser a forza de goberno maioritaria no País dende os principios ideolóxicos do galeguismo, a socialdemocracia, o progresismo e o europeísmo e co humanismo e a democracia auténtica como centro da nosa acción política. Compromiso por Galicia é a forza política que quere representar as aspiracións de autogoberno, liberdade e benestar dos e das galegas, para así representar á maioría da sociedade galega, con mentalidade de goberno e polo tanto con vocación de transformar a realidade pola vía dos feitos.

Se ben, o marco do sistema de partidos políticos galego; aínda ás mudanzas, no fondo estéticas e aparentes; segue imposibilitando unha alternativa de goberno clara e nítida para o actual partido que ostenta de modo hexemónico o poder público nas institucións, tanto municipais, como autonómicas.

A formación dun pólo de partidos, cunha mensaxe de exclusiva oposición ás actuais políticas do goberno, sen ter presentado alternativas realistas para a cidadanía doutra forma de goberno; ten levado finalmente a unha polarización da vida política que ten beneficiado, exclusivamente, ao Partido Popular de Galicia, que lonxe de perder votos, recupéraos nos sucesivos procesos electorais, tanto en porcentaxe coma en número de votantes. As municipais de 2015 pareceron marcar un proceso descendente na hexemonía do poder dos Populares, un proceso que con todo, estes foron quen de reverter, ao longo dos sucesivos procesos electorais; cambiando claramente a tendencia e aumentando os seus apoios. A polarización da vida política e a agresividade na comunicación política dos partidos opositores ten o seu reflexo nun chamado á confrontación, que unicamente ten por resultado, un afianzamento do poder político real do Partido Popular e unha reválida da cidadanía ás súas políticas públicas.

Se ben, este marco de confrontación e bipolarización da mensaxe política tivo como consecuencia final, que a nosa forza política fose totalmente irrelevante, non sendo quen de ter trasladado as nosas propostas para unha alternativa de goberno dos e das galeguistas de Compromiso por Galicia. Ao tempo, a nosa propia inacción, deixando pasar por enriba nosa aos sucesivos procesos electorais das Cortes Xerais do Reino de España, veu remarcar a irrelevancia política e social na que temos rematado após os resultados electorais das galegas de 2016.

Neste marco onde a representatividade política de Compromiso por Galicia pode contarse case cos dedos dunha man, precisamos dar un impulso contundente ao noso proxecto, marcando claramente as liñas estratéxicas que é preciso seguir nos próximos anos, na procura de chegar, nas mellores condicións posibles, aos seguintes procesos electorais aos que teremos que enfrontarnos; as Europeas e as Municipais de 2019. Temos pois por diante dous anos para facer o traballo inxente de construír as bases para un Compromiso por Galicia mais forte, mais grande e mellor.

Porén, esta análise non pode deixar de destacar os puntos positivos polos que atravesou Compromiso por Galicia desde a súa creación en 2012. O partido, suxeito a fortes tensións dende a súa aparición, encetou claramente un novo camiño estratéxico dende outubro de 2015. Con anterioridade, pasou polas eleccións europeas de 2014, onde a alianza técnica con o EAJ-PNV achegounos representatividade nas institucións europeas e a posibilidade de trasladar accións políticas no marco da Unión Europea, alianza estratéxica da que actualmente poderíamos extraer un balance máis que positivo.

Na primavera de 2015, Compromiso por Galicia afrontou as eleccións municipais co reto de asentar o partido dende os concellos; o eido político que a cidadanía sente como máis

próximo. Estas eleccións, no seu conxunto, foron un primeiro impulso real para o traslado a nivel social do coñecemento do noso partido e achegounos uns resultados que poderíamos valorar en positivo. Facilitaron visibilidade e permitiu a nosa formación política a posibilidade de mostrar, con políticas públicas, a nosa acción de goberno nos concellos onde formamos goberno e naqueles onde temos a alcaldía. Tamén se abriu o camiño para amosar o noso traballo na oposición, dun xeito construtivo e positivo, naquelas corporacións municipais nas que temos representatividade a través dos nosos representantes municipais. Ao tempo, organicamente, as municipais de 2015, significarían o crecemento territorial da nosa organización, achegando novas localidades á nosa estrutura orgánica.

O obxectivo estratéxico marcado dende a nosa creación en 2012, ten sido acadado á vista dos resultados das eleccións municipais de 2015. Porén, o traballo municipalista, con obxectivo no 2019, ten que ser cumprido de cara as cidades e certos lugares onde a nosa visibilidade e representatividade é nula. Temos que achegar os nosos esforzos de cara a estruturar e crear partido nas vilas e cidades de máis de 50.000 habitantes e seguir procurando maior espazo nos concellos pequenos onde ata agora non temos constituída Agrupación.

O noso espazo político está sendo construído coa nosa acción, mais con recursos económicos escasos, isto fai pouco visible a nosa mensaxe política. Temos pois que, inequivocamente, dar relevancia aos nosos e ás nosas altofalantes nas institucións, para encamiñarnos mellor de cara a seguir medrando dende os concellos e chegar a trasladar o noso proxecto político a nivel nacional.



## 2. UNHA GALICIA QUE MIRA A EUROPA E AO MUNDO.

### 2.1. O NOVO SISTEMA INTERNACIONAL. O NOSO COMPROMISO INTERNACIONALISTA DENDE O GALEGUISMO. O NOSO COMPROMISO CUN SISTEMA INTERNACIONAL MÁIS XUSTO E SOLIDARIO.

Estamos a vivir, desde o feito que marcou o comezo do século XXI, que foi o ataque ás torres xemelgas o 11-S de 2001, unha nova configuración do sistema de relacións internacionais. Actualmente estamos inmersos nun período de cambio profundo dos equilibrios existentes na sociedade internacional; non só pola aparición de novos actores que teñen como obxectivo un claro desafío civilizacional, como podería ser principalmente a emerxencia do Estado Islámico; senón tamén, polo rexurdir de vellas aspiracións de control hexemónico do sistema internacional por parte da Rusia de Putin. Alén disto, temos un novo actor que emerxe con moita forza neste novo escenario internacional: a China. Na actualidade existe de facto, un eixo entre Moscova-Pequín-Teherán, que ten como fundamento establecer unhas novas regras para as relacións internacionais e aumentar a esfera de influencia, tanto economicamente como politicamente, destes estados baixo un modelo afastado das democracias avanzadas occidentais e fundamentado en réximes políticos autocráticos.

A crise financeira mundial levou, ao tempo, a unha acumulación de poder económico e financeiro sen precedentes históricos e ao cambio final do sistema económico dominante, pasando dun capitalismo pos-industrial a un capitalismo de natureza exclusivamente financeira e especulativa. Este troco de modelo económico ten levado, conxuntamente coa inanición do estado do benestar, froito da severa crise fiscal na que leva inmerso desde fins do século XX e da forte crise demográfica á que se está a enfrontar, a unha grave crise do modelo socialdemócrata europeo e das súas políticas de benestar e redistribución.

Este novo contexto, ten reflexos, tanto nos niveis internacionais, como nos niveis internos dos estados. A nivel internacional, temos que facer fronte a un contexto de perda de poder das democracias occidentais avanzadas, xirando o poder mundial cara estados autoritarios e ditatoriais, onde, nas mais das veces, a Carta dos Dereitos Humanos é un papel agochado no fondo de calquera gabeta. No nivel interno ollamos con incredulidade, como as opcións políticas extremófilas están a coller máis forza. O auxe dos partidos xenófobos na Europa, o poder de “Rusia Unida” ou o ascenso dunha figura como a de Donald Trump, non fan senón que botar máis leña a un lume que quere consumir moitos dos valores sobre os que foran cimentadas as bases das nosas sociedades democráticas.

Xunto a isto, estamos diante dun momento histórico no cumprimento proceso de construción europea. Unha UE que deu alargado a súa influencia e os seus principios ao longo da Europa do Leste, está a ollar como un dos seus membros mais relevantes deixará de pertencer á UE. O “Brexit” marcará sen lugar a dúbidas un antes e un despois na definición definitiva do que a UE quere ser. Ao tempo, o “Brexit” tamén ficará como unha marca dos tempos nos que vivimos, onde a política está a abandonar o espazo da razón para ocupar unicamente o espazo das emocións e dos sentimentos.

Neste contexto internacional, novo para nós, afrontamos novos retos globais, que van dende o sostemento do estado de benestar, a un cambio de modelo económico e social cara unha nova economía de desenvolvemento sustentábel ou a enfrontar as crises de refuxiados ou o cambio climático, todo dentro da chamada axenda 2030 das Nacións Unidas, un novo marco de gobernanza mundial para afrontarmos os novos retos coas políticas precisas para evitar as

crises mundiais diagnosticadas no caso de seguir sen implementar novas políticas.

A misión dos homes e mulleres que formamos Compromiso por Galicia, reside en tomar as medidas precisas para enfocar a nosa acción de traballo cara á construción dende os nosos eidos de actuación: institucións, empresas, colectivos sociais, asociacións deste novo modelo económico e social e achegar prácticas democráticas de calidade e políticas públicas inclusivas alá onde poidamos facer ouvir a nosa voz.

O noso compromiso está cun novo modelo económico e social achegado aos valores de sustentabilidade, empregabilidade, respecto co medio ambiente e o territorio, cos dereitos sociais e laborais e coas políticas de inclusión e igualdade. A nosa meta é aproximar os valores do humanismo á sociedade e alargar o progreso social para a mellora da calidade de vida da nosa comunidade.

Estamos a ollar un contexto político mundial multipolar e poliédrico, onde as Nacións Unidas, da man do seu novo Secretario Xeral, o portugués António Guterres, terán, ben que implicarse realmente na ordenación do anárquico sistema internacional, ou ben, non deixar de ser unha institución de auxilio e axuda nas crises humanitarias. Dende a visión de Compromiso por Galicia entendemos necesaria a existencia dun organismo que interveña na procura da ausencia da guerra e no alongamento da paz, recollendo a sensibilidade internacionalista xa dos primeiros galeguistas, que levaría ao recoñecemento internacional de Galicia como nación no 1933 na, xa extinta, Sociedade de Nacións, predecesora das actuais Nacións Unidas.

## 2,2, O MARCO DA UNIÓN EUROPEA: O NOSO COMPROMISO CON MÁIS EUROPA

A Unión Europea tense amosado como un espazo de benestar, de paz e de seguridade común, único no mundo, durante os seus anos de existencia. Con todo, a enxeñeira da construción europea, nacida dun grande consenso entre as socialdemocracias e as democracias-cristiás no final dos anos 60 do século XX, ten amosado unha grande fraqueza nos momentos de crise, levando ao proxecto europeísta a adoptar decisións que foron rematando con dito consenso e levaran cara a unha deriva exclusivamente monetarista da realidade do proxecto da Unión Europea.

A esta deriva, exclusivamente monetarista, das máis das políticas públicas experimentadas pola UE, temos que achegar tamén un proceso onde os estados membros seguen ser ceder competencias, que nun contexto como o actual, deberían xa formar parte do deseño da UE. Temos a obriga, conxuntamente con outras nacións europeas, de achegar novamente un consenso que defenda os valores do modelo económico e social europeo; do humanismo e o progreso social e económico. Un consenso entorno ao modelo de economía social de mercado cunha forte compoñente de igualdade social e a defensa do estado de benestar.

As novas realidades do sistema internacional, os novos retos da sociedade internacional, levan a que as mais das actuais estruturas estatais sexan demasiado pequenas para afrontaren eses retos globais. Na mesma, as máis destas actuais estruturas estatais son demasiado grandes para afrontaren as necesidades mais locais de moitas sociedades e achegar mecanismos de democracia participativa con poder de decisión real. Este novo proceso leva a que desde Compromiso por Galicia entendamos a necesidade dunha UE construída finalmente sobre un modelo confederal, onde as diferentes competencias dos actuais estados membros vaian baleirando, ben cara o ente supra-estatal que é a UE nun dos niveis, ben cara outro territorialmente infra-estatal. Nestoutro nivel os estados membros, entendidos como estado central, baleiran o seu contido cara entidades infra-estatais como os Landers, as Rexións ou as Comunidades Autónomas.

Unha UE con máis poderes, con maior participación dos pobos e nacións da Europa na tomada de decisións, para poder así superar o momento que vivimos: unha conxuntura de euro-escepticismo que percorre Europa e que ten, polo momento, o seu último reflexo no “Brexit”. Unha UE onde as institucións europeas estiveron lonxe de dar resposta aos retos do presente. A Unión Europea construíuse de xeito burocrático, atendendo máis aos intereses das grandes corporacións que aos da cidadanía, primando finalmente o poder do Banco Central Europeo sobre o das institucións europeas representativas da cidadanía.

Unha UE na que as e os galeguistas de Compromiso por Galicia acreditamos como espazo de progreso e de cohesión social e espazo de respecto dos Dereitos Humanos. Unha Unión Europea democrática e confederal dos pobos e dos cidadáns.

O noso compromiso é aplicar unhas políticas para conquistar unha sociedade máis xusta, máis equitativa e onde os valores do progresismo e da xustiza social leven cara unha sociedade máis equilibrada e con mellores niveis de vida para toda a cidadanía.

Recoller novos modelos de gobernabilidade e achegar novos modelos de desenvolvemento económico e social sustentábel pasa por ser un dos nosos obxectivos estratéxicos, dentro de políticas que consigan unha redistribución equitativa da riqueza.

Propoñémonos asumir o valor da nosa propia diversidade para convertela en fonte de enerxía renovadora. Iso esixe afastar necesariamente o dogmatismo, rexeitar o adoutramento e na mesma, evitar a caída nun ideoloxismo esterilizante .

Acreditamos fondamente no modelo de Unión Europea como garante fundamental do modelo de estado de benestar. A Unión Europea ten servido ao tempo como garante de moitos dos dereitos e liberdades sociais dentro dun espazo de liberdade, seguridade e xustiza común.

Un modelo baseado no consenso sobre a economía social e de mercado e o respecto aos Dereitos Humanos, dentro dos valores do humanismo e do progreso social.

### 2.3. GALICIA UNHA NACIÓN INXERIDA DENTRO DO REINO DE ESPAÑA E DA U.E.

O proxecto político de Compromiso por Galicia pasa inescusablemente por procurarmos o maior espazo de autogoberno posible para o noso País. Se ben, somos conscientes de que a Unión Europea precisa de ampliar e de fortalecer a súa estrutura, ao tempo que, o estado español, precisa dun fondo axuste estrutural. Xa que logo, cómpre reducir substancialmente a estrutura do estado central; temos que camiñar cara un modelo de soberanía multinivel onde a UE por arriba e as CCAA por abaixo, baleiren de competencias lexislativas e de execución ao ente estatal centralizado.

Os e as galeguistas de Compromiso por Galicia acreditamos na concepción e execución dun deseño global, harmónico e ben articulado de País que sexa quen de dar resposta pronta e eficaz aos novos retos globais da construción europea e dun mundo globalizado e multipolar.

Compromiso por Galicia practica un galeguismo cívico, democrático, inclusivo e universalista. Galicia é unha nación que ten que decidir democraticamente a súa mellor maneira de autogoberno. Os homes e mulleres de Compromiso por Galicia acreditamos no galeguismo do século XXI, un novo galeguismo para un novo mundo, onde os fundamentos clásicos da soberanía son partillados en varios niveis de gobernanza.

Dende Compromiso por Galicia apostamos por unha sociedade aberta, avanzada e autogobernada, que permita manter e incrementar as cotas de benestar e de calidade de vida das e dos galegos. Unha sociedade con poder para decidir o seu futuro e escoller as mellores solucións aos novos retos globais.

As políticas na liña do cumprimento dos obxectivos de redución do déficit fiscal son

necesarias, mais as políticas de austeridade deben concentrarse na actual estrutura ineficiente do estado central, nos privilexios relacionados coa actividade política, na fraude fiscal e nas empresas coniventes que apoian o capitalismo financeiro do Reino da España. Un modelo de estado uniformador e centralizador, co obxectivo fundamental na construción de Madrid como centro de poder político e económico, dentro dun modelo de capitalismo financeiro, no que se ten inserido, finalmente, o sustento do aparato político e económico do Estado. En definitiva, torna en imprescindible que no Reino da España, ao igual que no conxunto da UE, vivamos unha mudanza das políticas contra a crise, primando sobre o cumprimento dos obxectivos de déficit; que non é unha causa da crise senón unha consecuencia desta; as políticas de gasto produtivo, social, en I+D+I; que xeren emprego, riqueza e protección social para toda a cidadanía.

A nosa proposta de relación co Reino da España pasa por un modelo de relación baseado na bi-lateralidade, para o que é preciso acadar primeiramente o máximo desenvolvemento do noso Estatuto de Autonomía de 1981, alargando a execución e a lexislación sobre as nosas competencias; para nun futuro; chegar á reforma necesaria do marco político e xurídico estatal; para chegar, entre outras, a unha reformulación da estrutura territorial fixada no título VIII da Constitución Española de 1978.

Entendemos que o actual modelo non foi quen de manter a cohesión e o consenso sobre o modelo territorial do Estado, ao que non ten axudado a política unificadora e recentralizadora dos últimos gobernos. Neste contexto, comprendemos precisa unha reforma, cara un modelo con aspectos próximos a conferir unha reforma federal-confederal do Reino da España.

Unha reforma que emerxe dun novo modelo de comunicación en rede e dunha soberanía distribuída en varios niveis, e executada por diversas institucións en distintos ámbitos territoriais. Unha reforma federal-confederal modernizadora das bases do actual marco constitucional, que ten chegado a un punto de difícil saída. Unha nova configuración territorial que esixe o uso de técnicas federais asimétricas e confederais, que van esixir o total e irrestrito autogoberno de Galicia, así como das demais nacións europeas, en todo o que atinxe por exemplo á lingua, cultura, dereito, xustiza e administración local.

Os galegos e galegas, como nación, temos o dereito e o compromiso de xestionarmos nós propios os nosos asuntos. Porén, o autogoberno, coa súa acción política e a súa xestión pública ten sentido só en canto crea benestar social e calidade de vida para a cidadanía.

Na nosa estratexia de nación temos que achegar maior contido, tanto competencial como económico á euro-rexión Galiza-Norte de Portugal, como nova realidade económica, social e institucional e política, como espazo transfronteirizo europeo que partilla, en moito, trazos definitorios comúns como a cultura e a lingua. O noso relacionamento coa República de Portugal é vital para o avance da nosa identidade como pobo e tamén no avance da construción de novas realidades que substitúan aos vellos modelos de estados-nación.

Un dos pasos definitivos, neste camiñarmos cara un mundo que supere as vellas concepcións dos estados-nación; temos que procurarmos ter voz propia nas instancias e institucións europeas, achegando directamente os nosos problemas e as nosas solucións. Entendemos sempre que, hoxe en día, a soberanía é un feito que xoga en varios niveis lexislativos e competenciais e tamén, temos que sinalar, que mesmo simbólicos.

Como partido galeguista temos un compromiso institucional, cun proxecto político propio, con aspiración a ser maioritario, para a sociedade civil galega; sempre dende un principio democrático firme que é o goberno da maioría e o profundo respecto ás minorías. Neste contexto, Compromiso por Galicia é unha forza política sempre aberta ao diálogo con todas as outras forzas políticas e sociais do noso País. Entendemos Galicia como unha nación aberta e inclusiva, moderna e atlántica inserida dentro do marco supranacional que é a Unión Europea.

COMPROMISO  
POR GALICIA

### 3. O COMPROMISO GALEGUISTA DO SÉCULO XXI.

#### 3.1. O GALEGUISMO EXPRESIÓN DEMOCRÁTICA DO NOSO POBO.

O compromiso galeguista do noso partido é para unha Galicia plural e inclusiva, asentada na vontade democrática do noso pobo por acadar as maiores cotas de benestar e liberdade a través do noso autogoberno.

Somos un partido transversal, formado por persoas de diversas orixes, ideas e crenzas. Nacemos dende a sociedade para servir a toda a sociedade, preocupados polas persoas sen ficar presos das ideoloxías, afastados de formulacións dogmáticas, de prexuízos ou dos extremismos do pasado que pretenden ter unha única resposta para todo. Un partido dinámico e flexible, capaz de se adaptar ás mudanzas constantes e rápidas que caracterizan ás sociedades modernas e avanzadas como a galega.

O noso obxectivo político non se move xa nas vellas dicotomías entre nación e estado; entendemos o vello concepto dual nación-estado, como un modelo xa ultrapasado pola realidade institucional do marco europeo; onde moitos dos elementos que eran anteriormente definitorios da soberanía dos estados, están hoxe en día, compartidos entre varios niveis de poder político.

Chegamos así, a un galeguismo comprometido cunha Galicia entendida como unha nación onde conviven varias e diferentes culturas e coas que, dende o básico respecto aos dereitos humanos, podemos establecer un marco xurídico de igualdade. Un marco que entendemos que a día de hoxe, non está a ser cumprido, e así dende diversas instancias europeas, tense constatado a situación de cultura minorizada que está a sufrir a cultura galega, sendo especialmente significativa a situación minorizada da lingua propia de Galicia.

A construción nacional de Galicia deberá sustentarse nos valores da convivencia, a educación pola paz, a igualdade de oportunidades, o esforzo e a responsabilidade e no compromiso co benestar da cidadanía e co equilibrio medioambiental, dentro dun marco social inclusivo de convivencia e un marco de economía social e de mercado, que apoie no estado de benestar e nas políticas redistributivas e na creación de riqueza, dentro de modelos sustentables de progreso social.

Así, as institucións actuarán como aqueles axentes que deben favorecer as condicións óptimas para que os axentes económicos e a sociedade civil poidan desenvolver en liberdade a súa iniciativa e o seu potencial, garantindo a igualdade de oportunidades. Galicia só é viable como entidade nacional se resulta útil á hora de satisfacer as necesidades materiais e espirituais da sociedade galega

Dentro do preciso marco de reforma do actual modelo territorial consagrado no título VIII da Constitución do Reino da España, entendemos preciso un novo modelo territorial federal-confederal. O galeguismo nace historicamente como resposta á construción como estado-nación do Reino da España que comeza a fins do século XIX. Unha construción, baseada sobre un dominio cultural da nación castelá sobre as demais culturas e pobos que conforman o actual Reino da España e que ten, o seu reflexo último, no sobre dimensionamento da centralidade política e económica da súa capitalidade. A vila de Madrid erguese como centro da nación española, pasando de ser vila e corte a fins do século XIX, a ser unha megalópole



mundial da economía especulativa e do sector servizos.

Neste proceso centralizador e uniformador das múltiples españas, xurdiran forzas centrífugas, que tiveron grande éxito nos Países Cataláns e no País Vasco. Na Galicia este proceso centrífugo non tivo un despegue definitivo, o que politicamente ten significado a nosa insignificancia nas diferentes cuestións que marcaron as liñas de política xeral no estado español e no ámbito europeo. A nación española entre tanto consagra o novo eixo entre Madrid-Andalucía como fortaleza da súa esencia e atribución nacional.

Os primeiros pasos dados por GALEUSCAT apostaron por unha reformulación que atendera á pluralidade nacional, cultural e lingüística das diferentes nacións que conforman o Reino de España. Os sucesivos intentos por facer mais plural e aberta a concepción do estado español, teñen rematado contra o muro do unitarismo, a intransixencia e o concepto de nación única e indivisible de matriz netamente xacobina, consagrado no art. 2 da Constitución Española de 1978.

Fronte ao inmovilismo das principais forzas políticas estatais, e ás propias lecturas feitas en sucesivas sentencias do Tribunal Constitucional, as diversas estratexias por chegar a un cambio no modelo de estado teñen fracasado, unha tras outra. Asistimos, xa que logo, actualmente, a unha nova etapa de reivindicación das diferentes realidades nacionais con capacidade política dentro do Reino da España desde novas perspectivas.

A reformulación federal-confederal é unha achega precisa para traer a modernidade, o progreso e a liberdade a unhas novas realidades políticas creadas polas relacións en rede, nas que se fundamentan actualmente moitos dos novos modelos de gobernanza. Desde o galeguismo, do mesmo xeito que demandamos máis autonomía para a Xunta de Galicia; por ser esta garante dunha mellor xestión pública e dun maior benestar para as e os galegos, reclamamos baleirar primeiro, e desaparecer segundo, o ineficiente e caciquil órgano que representa a Deputación Provincial dentro da actual estrutura do estado, así mesmo, pola súa duplicidade, entendemos máis do que precisa a eliminación dos órganos da administración periférica do estado na nosa comunidade autónoma.

A nosa vocación é achegar novas realidades de goberno e administrativas adaptadas xa, definitivamente, ao século XXI, e neste plano temos que adaptar ineludiblemente este plano á realidade que representa a Unión Europea e o seu deseño institucional. Na mesma, factores críticos para a nosa subsistencia, coma a crise demográfica na que iremos a vivir, e da que unicamente están a chegarnos os primeiros problemas, precisa como resposta inmediata unha ordenación e organización moderna e competitiva do territorio.

A vontade política do galeguismo é traspasar a insignificancia histórica do noso peso político como nación, para achegar desde centros de decisións con base en Galicia, as políticas de benestar e progreso precisas para a mellora das nosas condicións de vida dos e das galegas a través do noso desenvolvemento económico autónomo e independente.

A construción da nación española e as súas políticas tiveron consecuencias desastrosas para Galicia. Os resultados finais amósannos un País avellentado e un País que ten menos poboación agora que a fins do século XIX. Un País sen sistema financeiro propio, un País coas pensións de xubilación máis baixas do estado español, un País que de cada vez; malia o alongamento da Unión Europea aos países do leste europeo, afasta máis da converxencia coas rexións máis ricas de Europa.

### 3.2. O GALEGUISMO COMO COMUNIDADE UNIVERSAL.

O galeguismo de Compromiso por Galicia recolle a vella tradición dos e das vellas galeguistas e procura unha defensa dos nosos valores culturais, atendendo á diversidade e á pluralidade,

e a unha forte e maior relevancia política, a través de maiores cotas de autogoberno. Compromiso por Galicia ten por obxectivo defender e comprometerse cos intereses do noso País no seu conxunto, acadando as maiores cotas de igualdade, liberdade e prosperidade para a cidadanía galega; valorizando e promovendo o noso idioma propio e a nosa cultura nas súas ricas e orixinais manifestacións, tanto dende a tradición como dende as perspectivas máis vangardistas e contemporáneas; e inserindo a nosa particular tradición e cultura, ao carón do resto de nacións europeas coas que partillamos un futuro común.

O galeguismo de Compromiso por Galicia, entende como principal necesidade para o noso futuro e o mantemento do noso patrimonio cultural inmaterial, á volta a unidade cultural e lingüística co espazo da lusofonía. Temos que afondar nos vencellos históricos que unen Galicia cos países e comunidades de lingua portuguesa, espallados por todo o mundo. Estas relacións teñen, con toda certeza, un fondo carácter estratéxico para Galicia, tanto no económico como no social, nun marco que corresponde máis aló do Norte de Portugal e levando ao seu alongamento para alén da Ría de Aveiro e para alén do cabo de San Vicente.

Neste marco de relacións entendemos preciso establecer a aceptación da diversidade ortográfica actual do galego, nas diversas versións RAG, AGAL e padrão, pulando por medidas que acheguen en dereitos e recoñecementos aos utentes das diversas opcións ortográficas da mesma lingua. A nosa vontade neste sentido, nace de irmos recollendo os traballos dos primeiros galeguistas, que xa entendían, hai máis dun século, o sentido de achegar os usos e formas da nosa lingua á comunidade lingüística formada polos países da lusofonía.

Entendemos os retos derivados da irrupción das novas tecnoloxías e dos novos fenómenos culturais parellos ao proceso de globalización. Este retos son para nós, se callar, máis unha oportunidade real de conferir unha internacionalidade para a nosa cultura e a nosa lingua. As Tic's son, a día de hoxe, unha oportunidade para espallar a nosa cultura e as nosas relacións económicas dentro do mundo e darlle, ao tempo, unha maior relevancia e difusión para alén das nosas fronteiras políticas.

No proceso de globalización, reside un dos cernes para o novo modelo económico e social que quere achegar Compromiso por Galicia ao noso País. Da man deste proceso de globalización está a necesidade fundamental de trasladar a Galicia ao plano de actividade do sistema internacional. Unha Galicia que, xuntamente con Portugal, atopámonos estratexicamente nunha situación única para emprender aventuras e parceiras comerciais con socios empresariais e institucionais de ambas marxes do Atlántico, alongando a nosa influencia ata Extremo Oriente.

O movemento principal da nosa estratexia de País ten que estar en virar moito máis cara o mar a nosa escenografía no mundo e aproveitar todo o noso atlantismo, que nos pode xuntar tanto con Portugal, como con toda a comunidade de PALOP's. Galicia é unha nación atlántica e europea e como tal, as máis das súas relacións teñen este eido como central. Un feito, que dende a construción nacional na que inferiu a súa estratexia o Reino de España, viu de cada vez minguada a súa relevancia e forza. Non podemos deixar a un lado as particularidades que envolven á nosa relación con Portugal e con a América do Sur, onde podemos exercer como unha verdadeira ponte de ida e volta con Europa.

\*\*\*\*\*

